

B.1.1 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS E POLA PARTICIPACIÓN EN PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS.

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2.-Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expidan e de expedientes dos que entenda a Administración ou Autoridades Municipais.

2.- A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3.- Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en que redunde o interese da tramitación do documento ou expediente do que se trate.

ARTIGO 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala dito artigo.

ARTIGO 5.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2.- A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.- As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 % cando os interesados soliciten con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

ARTIGO 6.- Tarifa.

A tarifa á que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:

Epígrafe 1. - Expedición de Licencias:

- Taxis: 12,29 €.

Epígrafe 2.- Outros documentos:

- Abonados á subministración de auga potable:

* Doméstico: **29,41 €.**

* Industrial: **58,73 €.**

* De obras: **88,07 €.**

- Abonados á rede de sumidoiros: **28,55 €.**

- Expedientes de ruína:

* En rúas de primeira categoría: **293,54 €.**

* En rúas de segunda categoría: **220,15 €.**

* En rúas de terceira categoría: **147,87 €.**

Aboaranse ademais os honorarios dos técnicos non municipais redactores dos informes necesarios.

- Fotocopias e escaneo de documentos: Por cada cara de folio:

* Tamaño A-4: **0,46 €.**

* Tamaño A-3: **0,78 €.**

* Tamanos maiores ós anteriores: **1,17 €.**

- Compulsas de documentos que non haxan de surtir efecto perante o Rexistro Municipal: Pola primeira cara de folio **0,92 € e 0,28 €** por cada cara de folio seguinte.

- Expedición a instancia de particulares interesados de copias de atestados policiais e informes por accidentes de tráfico: **60,04 €.**

- Certificacións e copias de informes policiais a instancia de parte: **4,06 €.**

Epígrafe 3.- Documentos do Arquivo Municipal:

-Por expedición de copias con antigüidade superior a 1 ano: **4,47 €**, incrementándose a tarifa do apartado anterior nun 10 por 100 por cada ano máis de antigüidade.

Notas ó Epígrafe 3:

-A antigüidade computarase por exercicio económico, non de data a data.

-Esta tarifa aplicarase cando os documentos non sexan para surtir efectos perante esta Administración Municipal.

- Aboaranse ademais as fotocopias, segundo a tarifa establecida no Epígrafe 2 desta ordenanza fiscal.

Epígrafe 4.- Documentos de resultado negativo:

-Expedición de documentos con resultado negativo ao solicitado polos interesados: **10,84 €.**

Epígrafe 5.- Dereitos de exame:

-Exame para prazas do grupo A ou asimilado: **24,36 €.**

-Exame para prazas do grupo B ou asimilado: **20,33 €.**

-Exame para prazas do grupo C ou asimilado: **16,23 €.**

-Exame para prazas do grupo D ou asimilado: **12,18 €.**

-Exame para praza do grupo E ou asimilado: **8,14 €.**

Epígrafe 6.- Tramitación da formalización dos contratos administrativos:

- A contía fixarase mediante un sistema mixto de aplicación dunha porcentaxe sobre un determinado importe, e/ou de acordo coas tarifas que se indican nos apartados seguintes:

	EPÍGRAFES	TARIFA
A)	Tramitación da formalización dos contratos administrativos de contía ata 6.000 €.	52,48
B)	Tramitación da formalización dos contratos administrativos de contía que exceda de 6.000 € e ata 90.000 €.	0,2 % do exceso
C)	Tramitación da formalización dos contratos administrativos de contía que exceda de 90.000 €.	0,05 % do exceso

O importe total da taxa recollida nos apartados A, B e C será o resultante de sumar os valores correspondentes a cada tramo da contía do mesmo.

ARTIGO 7.- Bonificacións da cota.

Estarán exentos da taxa por tramitación da formalización dos contratos administrativos regulada no epígrafe 6 do artigo 6º os contratos de carácter menor.

Estarán exentos da taxa por dereitos de exame regulada no epígrafe quinto do artigo 6º as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no corresponde servizo público de emprego.

Non se concederá ningunha outra bonificación nos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta Taxa.

ARTIGO 8.- Devengo.

- 1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.
- 2.- Nos casos aos que se refire o número 2 do artigo 2, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.
- 3.- Os dereitos de cada petición de busca de antecedentes devengarase aínda que sexa negativo o seu resultado.

ARTIGO 9.- Declaración e ingreso.

- 1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento de selo municipal adherido ó documento ou expediente tramitado.
- 2.- Os escritos recibidos polos condutos aos que fai referencia o artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non poderá dárseles curso sen que se emende a deficiencia, para a cal se requirirá ao interesado para que no prazo de 10 días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido o devandito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
- 3.- As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cota tributaria.

ARTIGO 10.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data 5 de novembro de 2018, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.